

A poesía, espazo para a muller

**Proposta de
textos para
traballar contra**

**a violencia de xénero, a
invisibilidade, o teito de
cristal**

**abrir un novo
tempo, crear un
novo espazo**

**Proposta de
textos poéticos**
cos que traballar
contra a violencia
de xénero, a
invisibilidade, o
teito de cristal...



...tamén busca a do
outro, presupona. Cómpre lembrar que a opresión sem-
pre afecta tamén ao opresor, limítalo, cástralo e diminúeo
como ser humano. A rebeldía e a liberación dos oprimi-
dos é por iso, asemade, a liberación dos opresores de tal
condición.

Desde esta perspectiva, queda claro que non se pode
asumir a cuestión de xénero soamente como unha cues-
ción da muller; temos que comezar a tomala varóns e
mulleres. Aos homes a sociedade asignoulles —historica-
mente— papeis que os foron castrando en moitas compo-
ñentes da súa humanidade.

Os patróns culturais patriarcal-machistas non están só
entre os homes, aínda que se expresen maioritariamente
a través deles. Cómpre lembrar que a reproducción deses
patróns e modelos está practicamente en mans de nosou-
tras, as mulleres, non poucas veces máis máis que os
homes. Como sinala Eufemia Frías: É ben que as

“A esa consciencia de recuperar a metade escamoteada e
fazer evidente un “feminino non –alienado e transgresor”
obedece con certeza a **tendencia xinocéntrica tan
perceptível na nosa poesía recente**, tan practicada –
menos teorizada- polas autoras máis novas e á que abriu
camiño Maria Xosé Queizán con *Metáfora da Metáfora* en
1991”

Pilar Pallarés, “Literatura e xénero: unha cuestión aínda
pendente”, *Pensar en Galiza*, 2004, Terra e tempo.



Década de 90

Autoras da Xeración de 1957:
Xohana Torres, Do sulco (1959),
M^a Xosé Queizán, A orella no buraco
(1965).

Autoras da Promoción dos 90. Todas
elas publican o seu primeiro libro nesta
década (diferentes idades):
Marica Campo, Chus Pato, Marilar
Aleixandre, etc.

Autoras da Promoción dos 80: Xela
Arias, Luísa Villalta ou Pilar Pallarés

poet
As

- ❑ Vontade de ocupar o espazo que lles corresponde
- ❑ De levar á literatura o que sempre se exclusivamente feminino: a vida doméstica, a maternidade, o maltrato...

- ❑ Nova perspectiva para temas universais: amor, sexualidade...
- ❑ Procúrase a reacción da lectora ou do lector (Os teus dedos na miña braga con regra...)

- ❑ **Iníciase a tarefa de reivindicar as devanceiras e reescribir personaxes literarias e históricas**

CONGRESO DE POESÍA, Nós tamén navegar, outubro de 2017, Pontevedra

Grupo de traballo 1: *Nós tamén navegar, a poesía galega de 1976 a 2016*

Coordinadora: Marta Dacosta. Relatoras: Helena Villar, Rosa Enríquez e Yolanda Castaño

Comezamos este Congreso falando do que consideramos o **cambio de rumbo desta fin de século: a contribución das escritoras**. A poesía galega de hoxe é como é, porque as autoras anovaron os temas, introduciron novos materiais poéticos e desmontaron a imaxe que lles reservaba a ideoloxía patriarcal falando coa súa propia voz.

Con todo, as escritoras seguen a ocupar un **papel secundario** na edición e nos premios e **seguen a ser xulgadas, elas e a súa obra, de maneira prexuzosa con argumentos extraliterarios**.

E, aínda así, a situación ten mudado de maneira **positiva** nestes corenta anos, como as intervenientes expuxeron, e foi enormemente beneficioso para a poesía galega, pois a contribución das escritoras foi e segue a ser esencial. Unha contribución en que desaparecen os límites xeracionais e hai unha coincidencia de obxectivos e arelas entre todas as autoras en activo desde 1990.

...

A experiencia de Helena Villar Janeiro.

No seguinte enlace podes escoitar a súa intervención:

<http://www.aelg.gal/actividades/congreso-de-poesia-galega>

Grupos poéticos dos 80: Rompente, Alén, Cravo Fondo, Amor e desamor

Autoras presentes nalgún deses grupos: Helena Villar, Pilar Pallarés



Desigualdade: a fenda salarial

A fenda salarial é do 22,3% en Galiza

Segundo os datos da Axencia Tributaria, durante o ano 2016, a fenda salarial entre homes e mulleres situouse no 22,3% en Galiza, dúas décimas máis que o ano anterior. A evolución desde o ano 2008 foi como segue:


fenda salarial	
2008	25,5%
2009	23,1%
2010	23,0%
2011	23,1%
2012	23,3%
2013	22,4%
2014	21,9%
2015	22,1%
2016	22,3%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Axencia Tributaria.

Fonte: CIG, *Muller e mercado laboral informe 2017.pdf*

A poesía, espazo para a muller. Marta Dacosta Alonso. Xornadas de Lingua e Literatura

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares que cursa estudos segundo o sexo e os estudos en curso [Filtros: Tempo=2001 ;]



- Galicia >> ESO, Educación secundaria para adultos
- Galicia >> Bacharelato, BUP, COU
- Galicia >> Formación Profesional de grao medio ou e...
- Galicia >> Formación Profesional de grao superior o...
- Galicia >> Diplomatura universitaria, Arquitectura,...
- Galicia >> Licenciatura universitaria, Arquitectura...
- Galicia >> Estudos de posgrao, máster, MIR ou análo...

Fonte: IGE



Teito de cristal

“Tan só no **educación pública** obrigatoria o **70% das traballadoras son mulleres**, chegando no corpo de **Primaria** a situarse esta porcentaxe no **81%**, cun total de 10.500 fronte a preto de 2.500 homes, segundo datos de hai catro anos. Pero tamén en **Secundaria**, malia ser un corpo menos feminizado, as mulleres chegan ao **58% do total**, con arredor de 8.600 fronte a 6.250 homes.”


Fonte: CIG-Ensino

USC curso 2006-2007: catedráticos (88%)/catedráticas (12%)

Fonte: *A USC ten nome de muller*, Senén Barro, Discurso de apertura do curso académico 2006-2007, o 2 de outubro de 2006.



Teito de cristal



Primaria:
81%
profesoras



Directores:

9,60%

≈

78%



Teito de cristal



Secundaria:

58%
profesoras



Directores:

7,61%

71%

21



Desigualdade: a fenda salarial

A muller traballadora



a Sara, percebeira na illa de Ons

Hoxe quixera, irmá de pel curtida,
instalarme no adentro dos teus ollos
e atesourar en min eses abrollos
que te fixeron forte e destemida.

Hoxe quixera estar na rocha ardida,
collida da túa man, fronte ós abrollos
que puxeron ó mundo de xeonllos
ante a Galicia ergueita, anque ferida.

Sara de dignidade, percebeira
que pariches os fillos e os criaches
coas escumas do mar que te azoutaba.

Galicia chora hoxe, compañeira,
mais ti non vas chorar, porque gañaches
ese amencer que outrora se albiscaba.

Mª V. Moreno,
Elexías de luz, 2006

A muller traballadora

os ollos cansos e o babi azul e branco
genoveva mírase na fiestra do coche de liña
na bolsa do claudio van un plátano e dúas
laranxas

mírase e cóntase en mareas genoveva,
nas mans batidas leva a dor das navallas
anos de moluscos mortos trábanlle nas
puntas dos dedos
desfánselle en area da ribeira os xeonllos
e o salitre dos algazos cómelle das pupilas
secas

con todo
genoveva ten o mar aniñado no peito
arrólaos entre os brazos as mañás de
temporal
e gárdalle respecto polos fillos que leva na

carteira

e porque sabe
que a súa vida toda
cabe nunha bolsa de rede
e vale o que unha boa mañá de lonxa

o coche para
e roda unha laranxa ata os pés do
conductor
genoveva baixa
do outro lado
o día érguese por detrás de fisterra

**María Lado, “Genoveva”, *Sempre mar.*
Cultura contra a burla negra, 2003.**





Actividades:

- Reflexionar sobre o contido de cada poema.
- Compara cada un dos poemas co de Celso Emilio Ferreiro.
- Procurar na rede imaxes e vídeos de mulleres que traballen no mar.

VIO

L

EN

CIA

invisibilidade

paternalismo

ESTEREOTIPOS

teito de cristal

acoso

feminicidio

A poesía espazo para a muller. Marta Dacosta Alonso. Xornadas de Lingua e Literatura

Invisibilidade

Os teus pasos de home e os meus
sempre se cruzan , ao non saber onde van.

(...)

Pergunto outra vez, a cada un que pasa,
se de verdade son unha muller, o que é iso,
se me enganaron sempre ou teño algun camiño.

Todos os que me van cruzando non me acertan.
Sen embargo **o que son, unha muller, ao cabo é todo
o que sei de min** no espello en que me levas.

Para que aprenda a nova ti me apertas
cos brazos indecíbeis de ternura
do meu alimento á tua transcendéncia.

O meu camiño fixo-se-me extranxeiro, estou perdida
nen meu, porque é teu, nen xa imaxe,
porque non sei que levas no fardo do corazón.

Pero se non me ves, es ti quen erra.

Luísa Villalta, “Os teus pasos de home...”, *Ruído*, 1995.





Actividades:

- No poema, L. Villalta fala do concepto de invisibilidade. Como o fai, sinala os versos en que se refire a ela.

A ditadura da imaxe



Romper cos estereotipos

M^a Xosé Queizán, *Metáfora da metáfora*

A amante nunca ten dentes postizos
graus no nariz
pelos nas coxas
gorduras nos cadrís
Á amante nunca lle inchan os ollos ao durmir.
O poeta ama a perfección,
Non te ama a ti.
Es idealización
mito
metáfora da metáfora.

De non seres perfecta como te amarían?





Foto de Alberto Pombo

“Ser
é o difícil.

Cando falei só contemplaron os meus labios.

¿Se me tomo un descanso iso
fará me irresponsable?
se son vulnerable
serei pisoteada?
**¿se me fosen peor as cousas
quereríadesme máis?”**

Yolanda Castaño, *Profundidade de campo*, 2007.

Desprestixiar
(slut-shaming)

VIOLENCIA DE GÉNERO

VISIBLE

ASESINATO
AGRESIÓN FÍSICA
VIOLACIÓN
ABUSO SEXUAL
AMENAZAR
GRITAR
INSULTAR

FORMAS EXPLÍCITAS

INVISIBLE


HUMILLAR
DESVALORIZAR
DESPRECIAR
IGNORAR
CULPABILIZAR
CHANTAJE EMOCIONAL
HUMOR SEXISTA
CONTROLAR
PUBLICIDAD SEXISTA
INVISIBILIZACIÓN
LENGUAJE SEXISTA
ANULACIÓN
MICROMACHISMO

FORMAS SUTILES

**AMNISTÍA
INTERNACIONAL**



Amnistía Internacional Madrid



PENSABAS

que Ofelia era unha imaxe
estática e distante

e como unha labazada
a humidade do río empapa as túas roupas
rodéate de flores que ocultan
a verdade
alteran a visión das testemuñas
que
non te salvarán, que
só contemplan
un cadro fermoso
sen preguntarse
por que estás morta



Ofelia, 1890, por Henrietta Rae

Violencia psicolóxica

Marta Dacosta, *Na casa da avoa*

Ás veces na morte allea emerxe a
propia morte
coma unha mofa macabra
e sinto o gume afiado do seu bafo
en cada volta que a chave dá na
pechadura
-nada me paraliza máis ca ese son
perverso-.

A cada paso que se achega
prepárome

para a estocada mortal,
sen implorar,
sen mendigar,
sen resistir...

Pero pasa, caprichosa,
e perdóame a vida –ou quítama-
outra vez.



Non coñeces a miña dor
e xulgades aínda o meu silencio.
O meu silencio,
que non é máis que a parálise axial
que provoca o medo
invadindo o líquido esencial,
atoando a gorxa.

Violencia física

Mª Carme Caramés Gorgal, *Dos días
escuros*

Non me pareu nai
para a intempérie
e o castigo,
para a agonia en soedade
deste descampado.
Non nacín, nai, para a tortura
da besta e o delírio.
Non, para berar sempre
non.
Non nacín, nai, para ser cruz
desta fria poceira.

Feminicidio

Medos Romero, *O pozo da ferida*



A tristeza es ti, nesa violencia
coa que te adentras en min,
brutal, como un can enlouquecido.

A tristeza toda está nese xeito
inútil no que non me sabes amar.
Tan só porque non me oes,
tal vez porque nin me escoitas.

“Acabo de escoitar o ruído da porta
pechando cun só golpe.
Vibraron um instante as fotografías tras os cristais.
as taciñas chinesas na vitrina.

Podo evocar o teu dedo índice
premendo os botóns fríos do elevador.
Duplícote baixando a escaleira de mármore
e magóanche os zapatos novos.

Aí onde remata o ruído da porta
Pechando cun só golpe
Comeza xa o poema.

Avó,
fas moi ben en marchar:
aquí ninguén te quere.”

Berta Dávila, *Raíz da fenda*, 2013

As vítimas



Empoderamento

É o poder que você descobre em si quando começa uma luta, seja ela qual for, contra uma maioria opressora. Por exemplo: sabe aquele calorzinho gostoso que dá no peito quando seu tio diz que 'mulher deveria ir pra cozinha', mas você diz que isso é machismo? Então, isso é um começo de empoderamento. Empoderar-se é tomar consciência da sua opressão e perceber que você não precisa baixar a cabeça para ela (nem para ninguém).

Biografía de María Mariño, Xerardo Agrafoxo, 2007, Galaxia, Vigo.

“... Aínda existen aspectos da súa biografía invadidos por zonas de **penumbra**. Prudentes interrogantes que impiden achegarse a ela cunha ollada definitiva” (páx. 164)

“... no faltaron los mal pensantes que llegaron a poner en tela de juicio la existencia de Maruja. ¿No sería María Mariño un pseudónimo del propio Novoneyra?” (citando a Victoria Armesto, *O espello na man: Maruja*, páx. 127)

María Mariño

Palabra no tempo

Tiven medo de bogar,
tiven medo d'auga crara.
Anque fora cuns bos remos
anque fora na mar calma,
Non bogaba! Non bogaba!

O medo xa non sei dél.
Xa secou aquel mar longo!
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.



Empoderarse



Metáfora

R é I
R de I
R, I

Imaxe

R e I están
presentes

Metáfora
pura

R = 0

vida = mar

vivir = bogar

Tiven medo de ...
tiven medo ...
Anque fora ...
anque fora,
Non ... Non ...

O medo xa non sei dél.
Xa ... aquel ...
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
...

PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:

“QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas

QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.

QUE amaine o vento, beberás o viño.

QUE sereas sen voz a vela embaten.

QUE un sumario de xerfa polos cons.”

Así falou Penélope:

**“Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?
EU TAMÉN NAVEGAR.”**

Xohana Torres, *Tempo de Ría*, 1992



Empoderarse

A poesía, espazo para a muller. Marta Dacosta Alonso. Xornadas de Lingua e Literatura



Actividades:

- Declamade o poema.
- Este poema baséase nun mito. Cal é? Como o reconstrúe a autora?

Marica Campo, “Constanza de Castro”, www.bvg.udc.es.

Dona Constanza, a auga pezoñenta
apousouche nos labios flor de morte.
A carraxe que a sede foi máis forte,
a traizón foi que a morte máis cruenta.

Raza do Mariscal, raíz violenta,
afondaches na terra cando o Norte
virou cara a Castela como a sorte,
como a xente ao lume que máis quenta.

Por iso volverás en cada hedra
a abrazar contra o olvido e o desleixo
este teu Vilaxoán de pedra a pedra.

Miña señor, na Cal da Loba deixo
toda a sede de Patria que nos medra
e a auga de Galicia coma un beixo.

Visibilizar/restituír as
devanceiras





Actividades:

- Procura información sobre o asedio á Torre da Cal da Loba. Quen era o Mariscal Pardo de Cela, quen era esta filla? (información no Álbum de mulleres)

Temas de sempre desde unha nova perspectiva

Non é xusto que destroce estas veces
a balazos
de confidencias.
Nin que espere que comprénda-la
demanda
de certos inconclusos ademáns.

Querería de ti...¡un rito!
(Que incumpriría.)

¡Unha mentira!
(Que denunciaría.)

É por iso que reviso a teoría
e prefiro
as túas mans cando están quentes,
a túa lingua
cando non sabe de idiomas no
arquipélago do meu corpo,
as túas palabras cando medran
como os vexetais (por auga e sol)
e non precisan abonos de razón.

Non é xusto
Amar unha parte de ti e abrilas todas.

Xela Arias, *Tigres coma cabalos* (1990)

Vontade de provocar



1995
1996
1998
1999

lupe
gómez
arto

pornografía



POSITIVAS




Os teus dedos na miña
braga con regra

LUPE GÓMEZ



A poesía, espazo para a muller. Marta Dacosta Alonso. Xornadas de Lingua e Literatura

O traballo co alumnado



Club de poetas vivas

Con motivo do 25 de novembro

Posta en marcha do club de lectura:

Departamento de Lingua e Literatura Galega - IES Terra de Tui

Club de poetas vivas

E imos facelo achegándonos a un xénero ao que lle queremos perder o medo: a **poesía**.

Este club ten o dobre obxectivo de sensibilizar no uso da nosa lingua propia e na igualdade de trato e oportunidades entre mozas e mozos

Como?

Publicaremos un poema dunha escritora galega viva cada mes.
Un poema elixido polas persoas que forman o club, que nos contarán o por que da súa escolla.

Podedes anotarvos no departamento de Lingua Galega

Departamento de Lingua e Literatura Galega - IES Terra de Tui

M^a Carme Caramés Gorgal

Ás veces na morte allea emerxe a propia morte
coma unha mofa macabra
e sinto o gume afiado do seu bafo
en cada volta que a chave dá na pechadura
-nada me paraliza máis cá ese son perverso-

A cada paso que se achega prepárome

para a estocada mortal,
sen implorar,
sen mendigar,
sen resistir...
Pero pasa, caprichosa,
e perdóame a vida -ou quitama-
outra vez.

Non coñecedes a miña dor
e xulgades aínda o meu silencio.
O meu silencio,
que non é máis que a parálise axial
que provoca o medo
invadindo o líquido esencial,
atoando a gorxa.

Dois días escuros



M^a Carme Caramés Gorgal

2014



M^a Carme Caramés Gorgal é unha escritora e profesora galega nacida en Santa Comba que, no ano 2014, gañou o premio de poesía Joham Carballera co libro *Dois días escuros*. O xurado que a premiou por unanimidade, marabillado ante o tratamento que daba a esta lacra social que é a violencia contra as mulleres.

Outras obras de M^a Carme Caramés Gorgal, *Cuarto miñante* (II Premio de poesía Victoriano Taibo), Instituto de Estudos Miñoranos, 2009.

Unidade para o 25 de novembro: 2º ESO

25 de novembro:
a loita contra a violencia de xénero a través da literatura galega

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro



Son as palabras de Minerva Mirabal, unha das tres irmás Mirabal, ou **as bolboretas** asasinadas o 25 de novembro de 1960.

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

Se me matan...
Eu sacarei os brazos da tumba e serei máis forte.

Minerva, Patria e María Teresa foron culpables da súa fermosura, especialmente Minerva, a quen o ditador Trujillo quería posuir. Negouse.

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

Logo viría o posicionamento político contra a ditadura de Leónidas Trujillo, o posicionamento político, a persecución, o encarceramento, o asasinato...

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

ori

- En 1993 Unidas Elimina
- O 17 de Xeral de novembro Elimina

2

3

4

5

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

- Que é a "violencia contra a muller":

"Todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coacción ou a prohibición arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na vida privada".

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro



Rosalía de Castro

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

Rosalía de Castro, unha das escritoras máis importantes na historia da literatura universal, non só na galega, debeu confrontarse a unha sociedade que non estaba preparada para asumir que unha muller escribise e triunfase nese labor.



O Boeing 737 800, de 186 prazas, da compañía norueguesa Norwegian, leva polos ceos a Imaxe de Rosalía

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

Mais...

Rosalía convértese en escritora nun momento en que a sociedade galega, como a europea, ou como a sociedade en todo o mundo, non aceptaba que as mulleres puidesen realizar as mesmas actividades cós homes, como escribir, labor aínda máis difícil se quen escribía o facía nunha lingua que era considerada inculta ou que mesmo non tiña a consideración de lingua.

Rosalía tivo que desenvolver o seu labor baixo esta dobre crítica: a de ser unha muller non "normal" por realizar un traballo asignado comunmente aos homes e a de facelo empregando a lingua dos labregos e o pobo máis pobre. Por este motivo podemos dicir que Rosalía foi dobremente usada.

Lingua e literatura galega - 166. Tercio de Barreiro

Ela foi a prim
publicou un
galego, *Cant*
inicia o Rexu

7

8

9

10

leña ó monte,
goñer castos,
e as vellas,
Nas estercos,
muller,
me dá corrallo,
cor auga,
os raios,
o caldo,
un tan comprado,
cada muller
n' polo menos.
o busco un Xan,
atopa un Pedro.

Cos comadre, que apachado
Traílos embardo do marcelo,
E cando Xan podía nober
Chega cansado e farento,
Ela o segura antes de meterlo,
E o velo entrar dille quado:
—Por Dios non barulleis moito,
Que me matas mesmo morrendo.
—¿Por que hai, ñe mullerita?
—¿Que hai de ter? deita eses nenos
Que me matas roe en min
Cál me un can non cobelo,
I o callo ha de dar corrallo
Nos tendos do similaro...

—Tú, Ra Pepa, toma un trago
De recullo que aquí heño,
E dazme, Ra mullerita
Mentras os meusitos deito.
De bégas se enchen os ollos,
De Xan ó ver tales feitos,
Maa non terás, que vótre mil,
Muller, mentras os meusitos deito.

Neste poema de *Follas Novas*, Rosalía emprega un recurso literario que chamamos ironía

consistente en dicir o contrario do que se pensa

para resaltar o que realmente queremos dicir

mais deixando claro, neste caso ao final do poema, que está a falar dunha situación extraordinaria

O poema "Xan" reflexiona sobre a situación da muller, mais non o fai dicindo directamente as penurias que as mulleres pasan.

Empregar o recurso da ironía é unha forma de procurar a empatía do lector ou lectora, evitando un tratamento máis directo e crítico que podería conllevar o seu rexeitamento. É pois un recurso empregado coa finalidade de procurar a boa acollida da crítica social que no poema se fai e para pór de relevo unha situación que non é a habitual, pois o habitual é que as mulleres soporten importantes xornadas de traballo, o que se chama dobre xornada laboral.

Rosalía foi negada, como muller e como escritora, e así o recolle ela mesma no texto *Las literatas. Carta a Eduarda*.



Rosalía fotografada por María Candareilly

"Polo que ao min re
meu marido traballa
prosa, bo ou malo,
parece menos malo,
sesudo que non o at
non comete! Enfad
certo, a do meu mar
escribir para si (por
pregueiros), ten q
sen dúbida co obsec
poetisa (esa palabra
dicir, o peor que poe

Mª P. García Negro, A. G.
Literatura feminina e fa
Escritoras galegas. A. G.

Unidade para o 25 de novembro: 4º ESO

25 de novembro:
a loita contra a violencia de xénero a través da literatura galega

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro



Son as palabras de Minerva Mirabal, unha das tres irmás Mirabal, ou as **bolboretas** asasinadas o 25 de novembro de 1960.

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

Se me matan...
Eu sacarei os brazos da tumba e serei máis forte.

Minerva, Patria e María Teresa foron culpables da súa fermosura, especialmente Minerva, a quen o ditador Trujillo quería posuír. Negouse.

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

Logo viría o posicionamento político contra a ditadura de Leónidas Trujillo, o posicionamento político, a persecución, o encarceramento, o asasinato...

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

En 1993 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a "Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller.

O 17 de decembro de 1999, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas designou o 25 de novembro coma o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

As bolboretas:
orixe do 25 de novembro

• Que é a "violencia contra a muller":
"Todo acto de violencia baseado no xénero que ten como resultado posible ou real un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas, a coacción ou a prohibición arbitraria da liberdade, xa sexa que ocorra na vida pública ou na vida privada".

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

O 25 de novembro
visto a través da poesía galega contemporánea

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

Princesas...



Quero abandonar a vida morta das princesas

Lupia Gómez, *Leventar as terras...*

E.S. Terra de Trazos - U.G. de Literatura galega

. Maltratadas:


Tratada como ser dependente a muller pasou a ser considerada un obxecto e a ser tratada como tal, por iso moitas veces son vítimas de situacións abusivas, como neste poema que escribe Marica Campo:

Lapidadas

Como ovellas que van ao matadoiro camitadas e serdes lapidadas en ruas, silenciosas e humildadas, baixo a mirada atenta do carneiro

Que o voso sangue sexa o derradeiro a moilar esas terras imgoadas polo integrimo cruel, polas brigadas dunha fe que vos nega todo abeiro,

(Maldita sexa a man que tira a pedra)
(Maldito na semente e no futuro o nome dos que erigan ese muro
sobre peitos que alentán!) (Sexa a hedra nai piadosa a cubrilas, nai que medra a reclamar a vida en bemo puro!

Actividades: 

- Sabedes en que lugares do mundo sucede isto?
- Por que, por que lapidan as mulleres?
- Pensades que é moi inxusto?
- Credes que deben recibir castigo?
- Pensades que isto soamente sucede en latitudes afastadas?
- Sabedes que tamén aquí as mulleres son vítimas de situacións de abuso? Se cadra ao lado de nós?

Torturadas

A tristeza é é, esa violencia coa que lo adentras en min, brutal, como un san enloquecido.


A tristeza toda está nese xallo inxú no que non me sabes amar. Ten a culpa non me cas, en ver porque non me escolas

Non me pareu nai para a intemperie e o castigo, para a agonía en sociedade deste descaimado. Non nacín, nai, para a tortura do desá a o deliro. Non, para berar sempre non. Non nacín, nai, para ser cruz desta fría poesía.

Medos Romero, *Oozo os ferros*, 2006.

Ficha para o 8de marzo: 2º ESO

8 de marzo.



A expedición do Pacífico, Marilar Aleixandre, 1994.

~Cando sexa máis vella tamén irei nunha expedición ás selvas americanas.

-Pero, Emilia, -argumentaba a miña nai coa súa tranquila voz- as mulleres non andan por aí nas selvas. Cando teñas a idade de Andrés estarás casada, e ata pode que teñas un ou dous fillos, como me ocorreu a min aos vinteún anos.

-Mamá -respondía eu con suavidade, pois non quería férila dicindo que agardaba que non me sucedese o mesmo que a ela- eu quero estudar Zooloxía ¿Ou é que neste país as mulleres non van ir nunca á Universidade? ¿É que cando papá e os seus amigos falan da liberdade non a queren para as mulleres?*



- Neste fragmento que acabades de ler a protagonista pregunta se as mulleres non van ir nunca á universidade, e é que as mulleres só comezaron ir con normalidade en datas moi recentes, no último cuarto do século XX, e esta novela está ambientada a mediados do XIX. Cales pensades que son os motivos que impedían ás mulleres cursar estudos universitarios? Parécevos xusto?
 - Procurade información sobre a escritora: Marilar Aleixandre. Citade outros dos seus libros. Alguén leu outro libro seu? Pode contarllo á clase?
- Imos facer un texto libre en que a protagonista sexa unha moza que fai algo que a vós vos parece que normalmente non fan as mozas.

.....

.....

.....

.....

.....


.....

- Estamos falando dun tema que é a situación da muller e das mozas, reflexionando se teñen as mesmas oportunidades e se son tratadas iguais cós mozos, cós homes. Estas cousas que se contan na literatura suceden ao noso redor e entre vós mesmos, posibelmente sen vos dar conta. Pensade: como se distribúe o espazo no patio? Quen fai que? Xogar ao fútbol, pasear...

Unha rapaza nun barco: protagonistas femininas, feminidade das protagonistas

Marilar Aleixandre

(un artigo de Marilar Aleixandre en que fala desta novela)



¿Por que é rapaza a protagonista d'*A expedición do Pacífico*? Antes de discutir esta cuestión, interésame chamar a atención sobre a asimetría que está na orixe da pregunta: ningún escritor é solicitado para reflexionar sobre a prominencia de mozos protagonistas nos seus libros. Porén, o interrogante do que parte este artigo non procede unicamente de quen investigan na Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), ou da petición do Álbum de Mulleres dunha análise sobre a prominencia de rapazas protagonistas nas miñas obras. Alguna vez tiveron que responder a el en encontros con adolescentes.

...
Hai un aspecto especialmente transgresor no comportamento de Emilia, pois fai a viaxe disfrazada de rapaz, baixo o nome de Marcos. Cando escribín a novela non sabía que Emilia, ao cortar o cabelo e facerse pasar por varón, lonxe de levar a cabo un acto extraordinario, só ao alcance dos personaxes de ficción, estaba seguindo os pasos de dúcias de mulleres que nos séculos XVIII ou XIX non tiveron outra alternativa para navegar. Porén, lembremos que disfrazarse de home foi considerado durante moitos anos un grave delito, precisamente a acusación que levou á fogueira a Xoana de Arco. ¿Iso foi hai moitos séculos? Certo, mais aínda en novembro de 2003, en Irán, un tribunal islámico condenou a sete rapazas á pena de 50 lategazos por disfrazarse de homes.

... a única oportunidade que ten Emilia de viaxar ao Amazonas é agocharse nun camarote da Resolución mentres aínda ten doce anos e pode facerse pasar por rapaz. Pois cando acabe a viaxe e regrese a casa con dezaseis anos todos esperarán que se comporte como unha señorita, no canto de agabear ás árbores, e que empregue máis tempo en bordar que en mirar polo microscopio. Máis que querer ser un rapaz, Emilia quere facer o que poden facer os rapaces como seu irmán Andrés, estudar zooloxía, matricularse na universidade, cousas que estaban vedadas para as rapazas de finais do século XIX. Disque a universidade de Santiago de Compostela, na que eu traballo, existe desde hai máis de cincocentos anos. Porén as mulleres non foron admitidas nela até 1914, no que as xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, nadas en 1895, comezaron medicina. Se Emilia fose un personaxe real tería daquela case sesenta anos. Non pode estrañar que Emilia teña un conflito de identidade ¿como ia desexar un destino que consistía unicamente en casar, ter fillos e coidar da casa?

Se queres ler o artigo completo, aquí está: http://culturagalega.gal/album/docs/55_Marilar.pdf

Ficha para o 8 de marzo: 4º ESO

8 de marzo. A poetas galegas ocupan o seu espazo na literatura.

A poesía galega no remate do século XX

Na poesía galega do século XX, a década dos 90 caracterízase pola importancia das achegas realizadas polas escritoras. Traen un discurso propio que anova os temas e o seu tratamento. Este cambio está directamente relacionado cun contexto histórico en que se comezan ver os froitos da loita feminista.

Nese novo tempo poético abóndouse na redefinición dos mitos, como o de Penélope, que abandona o labor que o destino lle asigna e decide por si mesma. Así no poema de **Xohana Torres** en *Tempo de ría*, un poema que é, case, unha convocatoria:

PENÉLOPE

DECLARA o oráculo:

"QUE á banda do solpor é mar de mortos,
incerta, última luz, non terás medo.

QUE ramos de loureiro erguen rapazas
QUE cor malva se decide o acio.

QUE acades disas patrias a vindima.
QUE amaíne o vento, beberás o viño.

QUE sercas sen voz a vela embaten.
QUE un sumario de xerfa polos cons."

Así falou Penélope:

"Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?"

EU TAMÉN NAVEGAR."

(*Tempo de ría*, A Coruña, Espiral Maior, 1992, páx. 19)



Xohana Torres
(Ferrol 1929-Vigo 2017)

Poesía:
Do sulco (1957).
Estacións ao mar (1980).
Tempo de Ría (1992).
Elexias a Lola (2016).
Teatro:
Á outra banda do Ibero (1965).
Un hotel de primeira sobre o río (1968).
Novela:
Adiós, María, (1971).
Literatura infantil
Polo mar van as sardiñas (1967).
Pericles e a balea (1984)

Actividades:

- Declamade o poema.
- Este poema baséase nun mito. Cal é? Como o reconstrúe a autora?



No ensaio *Por qué os homes non nos len?* (*A difícil homologación da literatura escrita por mulleres*) **Luisa Villalta** reflexiona sobre a necesidade de camiñar cara a unha sociedade igualitaria e analiza os distintos elementos que poden estar a entorpecer esta evolución. Neste texto a autora di: "Os homes non teñen outro medio de defender a súa propia liberdade se non é defendendo conxuntamente a das mulleres e isto só se consegue coa transformación dos espazos, do espazo privado, para que non sexa privativamente feminino, e do espazo público, para que se convirta no espazo da palabra, do diálogo e do intercambio. Os homes non teñen nada que consentir nen conceder ás mulleres: só ver, escoitar, respectar e, por que non, aprender do que dicemos e escribemos". Sobre esta necesidade de transformar os espazos, e sobre os interrogantes que se ten

formulado a muller ao logo dos tempos ao comprobar a situación de invisibilidade social á que estaba sometida fálanos este poema de Luisa Villalta.

Os teus pasos de home e os meus
sempre se cruzan , ao non saber onde van.

Oblicuamente esvae os ollos até a miña imaxe
ao punto en que pergunto que é o que ves
através do meu espello pesado como a soedade.

Unha muller, contestas, e non miras
como me estraña ficar no ceo da tua voz vacía.

Ando cos pés con que me andas e eu te sigo
sen saber que levas no fardo do corazón.

Aprendin de ti o que me atinxes,
enganando-te me enganas e eu consinto
por comprender que levas no fardo do corazón,
onde van os teus dous pés que me prolongan
cando aceito andar contigo por min mesma.

Pergunto outra vez, a cada un que pasa,
se de verdade son unha muller, o que é iso,
se me enganaron sempre ou teño algun camiño.

Todos os que me van cruzando non me acertan.
Sen embargo o que son, unha muller, ao cabo é todo
o que sei de min no espello en que me levas.

Para que aprenda a nova ti me apertas
cos brazos indecibéis de ternura
do meu alimento á tua transcendencia.

O meu camiño fixo-se-me extranxeiro, estou perdida
nen meu, porque é teu, nen xa imaxe,
porque non sei que levas no fardo do corazón.

Pero se non me ves, es ti quen erra.

(*Ruído*, A Coruña, Espiral Maior, 1995, páx. 45)



Luisa Villalta (A Coruña 1957-2004)

Poesía
Música reservada, 1991.
Ruído, 1995.
En concreto, 2004.
Teatro
Concerto para un home só, 1989.
As certezas de Ofelia, 1999.
Narrativa
Siléncio, ensaiamos, 1991.
As chaves do tempo, 2001.
Ensaio
O outro lado da música, a poesía, 1999.
A Música e Nós, 2003.
Libro das colunas.

Actividades:

- Reflexiona, por escrito, sobre as ideas que a autora recolle nos textos que citamos (tanto no texto en prosa como no texto en verso).
- No poema, L. Villalta fala do concepto de invisibilidade. Como o fai, sinala os versos en que se refire a ela.



Poesía nos muros: 3º ESO

Pobre Ofelia
cristalizada estás no sangue da loucura
e gardas baixo as unhas a carne do covarde,
como un berro atroz que convoca.
Os teus ósos,
espadas de cristal
contra a fame caníval,
de posuírnos,
de beber a nosa alma,
zugar nos a vontade,
dobregarnos ao río do delirio.
Ofelia,
pequena Ofelia
non se sacia a sede do covarde.

Marta Dacosta

Foto de Xabier Balsas

Lectura recomendada en 4º ESO:

O libro das mentiras de Emma Pedreira

“...Compendio versal no que se revisa a contística tradicional paneuropea en moitos dos seus relatos infantoxuvenís para ofrecer unha nova visión dos mesmos que os reescribe conceptual e emotivamente.

Os contos de fadas, os apólogos e fábulas de Perrault, de Andersen ou dos Grimm comparecen nos poemas de Pedreira como un positivoedulcorado que ela negativiza (hiper)realistamente. Nada é como se nos quixo facer crer, é un mapa de mentiras, un bosque de soños trampa no que calquera semellanza coa realidade é pura coincidencia.”

Crítica de Armando Requeixo.



4. O libro transmitíume unha serie de valores que fixeron que cambiase a miña visión infantil que tiña dos contos e historias que me lía a miña nai de pequena. Decateime de que na vida non todo é branco o negro, que tamén hai gris. Ó mesmo tempo a autora ofrece unha postura máis feminista e menos idealizada dos diferentes roles das mulleres na vida. 015

5. O poema que mellor define o libro é realmente todos. Cada un ten unha historia diferente, pero todos transmiten o mesmo, a realidade. Todos desmenten as historias orixinais, todos demostran que a vida é dura e que non hai vida perfecta que exista en ningún conto. Todas as situacións son actuais e cotiás para moita xente se consigues descifrar o seu significado, e é

6. O poema que máis me gustou foi *A Bela Durminte*. É un poema que demostra que o amor verdadeiro non é o do un extraño príncipe azul que esperta a princesa do seu soño eterno, senón que o único amor máis forte que pode romper dita maldición é o do seu propio pai, o



*"... aínda estamos aquí,
á porta das crenzas, que confiren
a responsabilidade do lexítimo."*

*Carme Kruckenberg, As complexas mareas
da noite, 2006*

Foto feita por Camilo Franco, nela están Marica Campo, Basilio Losada, Ánxeles Penas e Carme Kruckenberg no Galeusca 2007)

As imaxes desta presentación, se non teñen indicación de autoría, proceden da Galipedia e do arquivo persoal de Marta Dacosta.

Recursos musicais

Uxía, Vogar



<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2007/10/tiven-medo-de-vogar-tiven-medo-da-auga.html>

Xardín desordenado



<http://xardindesordenado.com/>

Pilocha



<http://galizaenmusica.blogspot.com.es/2014/01/pilocha-calamida-sentimental-1998.html>

Olga Novo, poema/canción “Aprendendo a ladrar”: [Aprendendo a ladrar: https://youtu.be/vvOj_wvfD9k](https://youtu.be/vvOj_wvfD9k)

A poesía, espazo para a muller. Marta Dacosta Alonso. Xornadas de Lingua e Literatura

Recursos

Non é amor: <https://www.youtube.com/watch?v=lkN9tj9xVjE>

Ordenemos o universo:

<http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cod=132203>

Unidade didáctica Facerse ao mar:

<http://www.aelg.gal/espazo-didactico/unidades-didacticas/13/facerse-ao-mar>

Resucitar a Ofelia. Contidos:

<http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cod=140817>

A muller que le (artigos publicados en Terra e Tempo):

<http://www.blogoteca.com/acuatica07/index.php?cat=14513>

As escritoras na literatura galega actual, 1999, relatorio no IES San Paio, Tui:

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/marta-dacosta/paratextos/82/as-escritoras-na-literatura-galega-actual/q/poes%C3%ADa%20muller>

Da voz e da man das mulleres. Relatorio na Feira do Libro de La Habana,

2008: <http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/marta-dacosta/paratextos/2396/da-voz-e-da-man-das-mulleres/q/poes%C3%ADa%20muller>

Recursos

Álbum de mulleres: <http://culturagalega.gal/album>

Centro de documentación da AELG: <http://www.aelg.gal/centro-documentacion>

Poesía galega, As poetas da Vangarda, Rosa Henriques, 2006:

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/rosa-enriquez/paratextos/932/poesia-galega-as-poetas-da-vangarda/q/poes%C3%ADa%20muller>

O espertar da muller, RdL nº 647, 2006:

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/maria-xose-queizan/paratextos/2761/o-espertar-da-muller/q/poes%C3%ADa%20muller>

Tecedoras de camiños (Un século de poesía escrita por mulleres), Teresa Seara, 2001:

<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/teresa-seara/paratextos/1585/tecedoras-de-caminos-un-seculo-de-poesia-escrita-por-mulleres/q/poes%C3%ADa%20muller>

Paisaxe da última poesía galega, Yolanda Castaño, 2002:

http://www.poesiagalega.org/uploads/media/castanho_2002_paisaxe.pdf